

O XEOPARQUE MONTAÑAS DO COUREL: UN RECURSO EDUCATIVO DE PRIMEIRO NIVEL, PRÓXIMO E MULTIDISCIPLINAR

FERNÁNDEZ LÓPEZ, LUIS¹; CASTRO GONZÁLEZ, ROBERTO²;
SAMPEDRO RAÑO, ROI²

¹*Departamento de Bioloxía e Xeoloxía. CPI Cova Terreña. Baiona (Pontevedra)*

²*Asociación para a promoción territorial Montañas do Courel. Quiroga (Lugo)*

Correo electrónico: xeoparquemontanasdocourel@gmail.com

1. Introducción

O *Xeoparque Montañas do Courel*, recoñecido como tal pola UNESCO no ano 2019, é un relevante recurso educativo moi accesible para os centros educativos de primaria e secundaria, de formación profesional e ensinanzas superiores, que se atopa nos concellos lucenses de Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil. A chegada ao xeoparque é a través da estrada N-120, a estación de San Clodio- Quiroga se usamos o tren, ou a A-6 se accedemos desde Pedrafita do Cebreiro.



De gran interese natural, ofrece múltiples puntos de proveito para actividades relacionadas coa Xeoloxía e a Bioloxía, sendo o pregamento/dobra de Campodola - Leixazós ou a Devesa de Rogueira, exemplos de primeiro nivel, pero tamén paisaxes conformadas pola modelaxe kárstica e glaciaria, distintos tipos de xacementos auríferos explotados en época romana ou importantes reservas de orquídeas, entre outros moitos. Conta, a maiores, cunha rede de recursos como museos, centros de interpretación ou xeomiradoiros que multiplican as opcións á hora de deseñar e realizar actividades.

Desde o punto de vista da Xeografía e Historia, os abundantes castros, o túnel romano de Montefurado e as Médulas, así como edificios civís e relixiosos de distintos estilos, ofrecen a posibilidade de programar actividades interdisciplinarias como visitas, *rallies* fotográficos ou xogos.

A etnografía e a Lingua e Literatura tamén ocupan un lugar importante. Referencias tan interesantes como Novoneyra, Guerra da Cal, Eduardo Moreiras, Manuel María ou Ánxel Fole, son exemplo de escritores que tiveron en distintas áreas do xeoparque fonte de inspiración en moitas das súas obras. As rutas, lecturas compartidas, os contos; son exemplos que se poden desfrutar no territorio.

Sen esquecer o lecer, obviamente moi determinado pola climatoloxía, con actividades de sendeirismo, xogos tradicionais, xogos de pistas, competicións fotográficas, xogos cooperativos, poden completar un plan nas Montañas do Courel.

O Xeoparque Montañas do Courel, así como os tres concellos que o conforman, queren facilitar ás comunidades educativas o uso e desfrute sostible desa área. Propón aos centros educativos plans modulares de visitas de 1, 2 e 3 días, coa liberdade de seleccionar entre unha serie de actividades e, no caso de facer noite, axudando na localización de opcións para o aloxamento e manutención dos grupos.

Nas actividades que propomos intentamos que a participación activa do alumnado sexa a máxima posible, tratando de crear distintas situacións de aprendizaxe, e reforzando aqueles aspectos do currículo que se poden observar na contorna.

Nesta comunicación presentaremos os distintos plans dirixidos a colexios e institutos.